

Toén, 8 de Maio de 2020

Benqueridas compañeiras e compañeiros,

Dende o Equipo de Biblioteca e o de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Saco e Arce de Toén, en Ourense, queremos facervos chegar nunha iniciativa que se nos ocorreu para celebrar o Día das Letras Galegas.



Tras décadas de espera, e cando parecía que chegara o momento de honrar a súa figura, unha chea de impedimentos parece que van impedir facerlle xustiza a D. Ricardo Carvalho Calero.

Por iso queremos invitarvos a participar na nosa iniciativa, para render unha pequena homenaxe de recoñecemento ao autor, que tanto tempo leva agardando, dende onde estea.

A actividade consistiría, por un lado, en que o alumnado localizase a Rúa que o autor ten co seu nome no voso concello, cidade, barrio ... Se non a coñecen, poden tratar de atopala en Google maps. Logo, poderían facer un roteiro sinalando por onde se desprazarían dende as súas casas ata chegar á rúa indicada. Poden empregar [Google maps](#), [creaturuta.com](#) ou calquera outra aplicación.

Unha vez feito isto, e agora que o confinamento xa é menos estrito, a nosa idea é convidar ás familias e a toda a comunidade escolar a achegarse ao lugar, no momento que lles veña ben, sempre antes do día 17, e recitar un poema, tocar ou cantar unha canción, ler un parágrafo dalgunha das obras do autor ...

Sería bonito levar flores, globos, debuxos, ou calquera outro adorno e deixalos no lugar coma homenaxe a este home que tanto fixo pola nosa lingua.

A actividade podería ser gravada en vídeo e, se nolos enviades, nós nos encargariamos de facerllos chegar á súa familia para que vexan a fermosa homenaxe das nenas, nenos e rapazada de Galicia.

Este correo enviarémolo a todos os centros que se atopan cerca da Rúa Carballo Calero nas 8 localidades galegas onde existe dita rúa.

Tamén se compartiría a actividade a través do [Bloguesquio](#), blogue da nosa biblioteca escolar.

O correo da nosa biblioteca é ceip.saco.arce@gmail.com

Animámosvos a que fagades chegar a invitación ao voso alumnado e ás familias e que as Bibliotecas Escolares de Galicia esteamos tamén neste momento máis preto ca nunca.

Recibide un cordial saúdo e moita saúde.

Carmen Rubio

Coordinadora do Equipo de Biblioteca

